

XORNADA

Xénero e Documentación IV. Arquivos públicos e perspectiva de xénero: Estado da cuestión desde Galicia

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
8 de xuño de 2017



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Os arquivos públicos de Galicia son unidades de xestión documental integradas nas institucións públicas que os orixinan, serven á xestión administrativa das súas organizacións e encárganse ademais dunha parte singular da custodia, organización e difusión do Patrimonio Cultural: o referido ao Patrimonio Documental.

Coma calquera outra unidade administrativa, participan das políticas xerais levadas a cabo polas organizacións ás que pertencen. Neste senso, deberíase sentir tamén neles a acción das políticas referidas á perspectiva de xénero derivadas das resolucións do Consello Económico e Social das Nacións Unidas desde 1997 até a actualidade, resolucións ás que se veñen adherindo continuamente todas as administracións públicas do país.

É isto así? Participan os arquivos de Galicia e o persoal vinculado a eles dos posicionamentos internacionais e nacionais nesta materia? Custodian os arquivos públicos de Galicia documentos de mulleres, sobre mulleres? Custodian ou interésanse por custodiar documentos vinculados co movemento feminista?

Nunha primeira e rápida achega a estas cuestións, semella que nos arquivos públicos de Galicia nin a perspectiva de xénero nin o feminismo son obxecto de atención clara e preferente, incluso parecen estar fóra do ámbito de interese das e dos profesionais.

Mais é posible que esta apreciación non responda á realidade con exactitude e deba ser matizada. Atendendo a isto, desde a Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega, considerase que fai falta unha visión demorada que permita visibilizar o camiño andado e aproximar outras realidades. Neste sentido, nestas IV xornadas sobre xénero e documentación, propónse iniciar un debate aberto, dirixido a profesionais dos arquivos e á sociedade en xeral co obxectivo de dar a coñecer, se é que as hai, as actuacións que nos arquivos públicos de Galicia incorporan unha perspectiva de xénero e/ou feminista con naturalidade, aplicando a ollada aos contidos, aos métodos, ás dinámicas de traballo. Ábrese, ademais, a oportunidade de coñecer máis de preto as propostas e estratexias desenvolvidas sobre as cuestións expostas no conxunto do Estado e no caso concreto do Archivo Mujeres y Géneros do Archivo Nacional de Chile.

PROGRAMA

Sesión da mañá

09:30 horas
Presentación

10:00 horas

As persoas: arquiteiras e arquiteiros nos arquivos públicos de Galicia e nas unidades políticas e administrativas nas que se insiren

Beatriz Díaz Vázquez, arquiteira e directora do Arquivo Municipal de Oleiros
Presenta: **Marina García Pita**, subdirectora de Arquivos da Xunta de Galicia

10:45 horas

A presenza da muller nos fondos documentais. Os usos na investigación. Novas olladas?

Eva García Amador, antropóloga e restauradora de documentos, presta servizos no Arquivo do Reino de Galicia
Presenta: **Gabriel Quiroga Barro**, membro da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG / Arquivo de Galicia

11:30 horas

Pausa

12:00 horas

Arquivos públicos: procesos de traballo e visibilidade das mulleres. A cara oculta da Lúa

Olimpia López Rodríguez, arquiteira, presta servizos no Arquivo Territorial da Xunta de Galicia na provincia de Lugo
Presenta: **Concepción Varela Orol**, membro da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG / Universidade da Coruña

13:00 horas

Arquivar en feminino: Presenza da muller e do feminismo na xestión dos arquivos públicos españoles desde principios do século XX ata os

nosos días

Luis Martínez García, arquiteiro, coordinador xeral de Arquivos e director do Arquivo de Castela-A Mancha

Presenta: **Encarna Otero Cepeda**, membro da Comisión de Igualdade do CCG e historiadora

Sesión da tarde

16:30 horas

Experiencias internacionais en materia de xénero e arquivos: Archivo Mujeres y Géneros no Archivo Nacional de Chile: desafíos a partir da súa creación e crecemento

Francisca Marticorena Galleguillos, encargada do Archivo Mujeres y Géneros, Archivo Nacional de Chile
Presenta: **Rosario Álvarez Blanco**, vicepresidenta do CCG

18:00 horas

Pausa

18:30 horas

Mesa redonda

Interven: **Luis Martínez García**, **Olimpia López Rodríguez**, **Eva García Amador**, **Beatriz Díaz Vázquez** e **Francisca Marticorena Galleguillos**

Moderada: **Dolores Pereira Oliveira**, coordinadora da xornada, membro da Comisión de Igualdade do CCG e directora do Arquivo Histórico Provincial de Lugo

19:30 horas

Clausura

Dolores Pereira Oliveira, coordinadora da xornada

ORGANIZA

Comisión de Igualdade (CCG)

COORDINA

Dolores Pereira Oliveira

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705, Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

